

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E MAIS A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA), PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ADAPTACIÓN DE DOCUMENTOS XUDICIAIS A LECTURA FACIL

Esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. É desexo desta Vicepresidencia Primeira e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, favorezan o dereito de acceso á xustiza ás persoas con discapacidade, tal e como recolle a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, que inclúe o dereito de acceso á xustiza na súa articulo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións, e a adopción de medidas de accesibilidade, axustes de procedemento e prestación dos apoios necesarios para poder exercer os dereitos en igualdade de condicións.

Pola súa banda, a Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014 do 3 de decembro, contempla na súa articulo 34 que as Administracións públicas adaptasen os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas, empregando a lectura fácil, por ser unha solución de accesibilidade que fai posible que persoas con problemas de comprensión lectora poidan acceder á información.





En consonancia co anterior, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de conformidade co disposto no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle as competencias en materia de asociacións e fundacións, e ten como unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

Antecedentes: O Convenio que se pretende asinar é un pioneiro proxecto que se aborda en Galicia para a implantación duna experiencia de adaptación de sentenzas e outros documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento, xa executada anteriormente nos anos 2019 e 2021, pero circunscrita a uns determinados órganos xudiciais. Esta experiencia en 2022, vaise a desenvolver en calquera dos órganos e servizos da Administración de Xustiza en Galicia.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia) o instrumento convencional referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2022.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e mais a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia) para a implantación por esta dun proxecto de adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á FADEMGa para que esta poida desenvolver o seu proxecto denominado "Adaptación de sentenzas á lectura fácil".





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGGA Plena Inclusión Galicia), é unha entidade sen ánimo de lucro que conta na actualidade con 40 entidades galegas federadas que prestan servizo a 6.325 persoas con discapacidade intelectual. As entidades de FADEMGGA están formadas por unha rede de 125 centros nas catro provincias galegas, nas que traballan un total de 1.291 profesionais e contan co apoio de 1.234 voluntarios.
- FADEMGGA Plena Inclusión Galicia ofrece servizos ás persoas a través das súas entidades e ademais dende os programas que se desenvolven dende a propia federación, como son: o programa de "Atención a familias", o programa "Atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex-reclusas ou sometidas a medidas alternativas", o programa para a "prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento", etc.
- Á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de conformidade co disposto no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGGA Plena Inclusión Galicia) é a única federación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de apoio ás persoas con discapacidade intelectual, en particular a atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex-reclusas ou sometidas a medidas alternativas, e a



prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Financiamento: a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, achegará á Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia), a cantidade máxima de **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, como contribución aos gastos soportados pola FEDERACIÓN pola realización do seu proxecto de actividades. Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral,

Juan José Martín Álvarez

